

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE XULLO DE 2023

Ás 10:00 horas do día 28 de xullo de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 24 de xullo de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto do proxecto "Substitución de instalacións no centro deportivo da piscina das Travesas" (1571-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico medio en Topografía, a técnica media en Obras Públicas e o técnico de Administración Xeral, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 21 de xullo de 2023 de valoración do sobre B "*proposición avaliada mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria "Camiña con nós pola igualdade" (12131-224) (emenda de documentación)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A secretaria lembra aos membros da mesa que na súa sesión de data 13 de xullo de 2023, acordou conceder un prazo de 3 días á NORFORMACIÓN, S.L. para que puidera emendar o Sobre B mediante escrito asinado polo representante con poder de



representación no que subscribira a oferta presentada, dado que a oferta non consta asinada polo representante da licitadora. Asemade, se tivera constancia de que o Sobre C adoeceía do mesmo erro, podería aproveitar para emendalo no mesmo escrito sen que en ningún caso desvele o contido da oferta.

En data 20 de xullo de 2023, NORFORMACIÓN, S.L. presentou polo Rexistro Xeral deste Concello o escrito requirido acompañado da documentación completa dos sobres B e C asinada e ademais descifrada. Tendo en conta que, se ben xa se procedera á apertura do sobre B, non se procedera a apertura do sobre C, a licitadora incorreu en causa de exclusión segundo a cláusula 14.1 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador".

En base ao anterior, a Mesa acorda por unanimidade excluír a NORMFORMACIÓN, S.L. por ter presentado a súa proposición do sobre C descifrada (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.1 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador").

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto do proxecto "Substitución de instalacións no centro deportivo da piscina das Travesas" (1571-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

| | Licitador | Prezo sen IVE |
|---|--|---------------|
| 1 | CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A. | 502.064,48 € |
| 2 | UTE ACEUVE, S.L.U. - TERMOCALOR VIGO, S.L. | 499.249,22 € |

Asiste como público á apertura:

1. D^a. Isabel Díaz Díaz, en representación de CONSTRUCTORA SAN JOSÉ.
2. D^a. Begoña Rivas Baltar, en representación de FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do proxecto "Mellora integral, novo arborado e mobiliario no parque de Navia (Nelson Mandela), Fase I"



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 08:55 | Páxina 2 de 7 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A3A947-CBD33F-D93228-QEPJGF-RAT3HZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



(1494-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data do 7 de xullo de 2023 notificouse ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L., a resolución de clasificación xunto co requirimento de documentación. Dentro do prazo concedido, o 20 de xullo de 2023, o licitador presentou a documentación. Logo da súa revisión, a Mesa acorda, por unanimidade conceder un prazo de tres días a CIVIS GLOBAL, S.L. para que poida emendar a seguinte documentación:

- O documento do aval de Deutsche Bank presentado como garantía definitiva: en concreto, deberá corrixir onde di: *"El presente aval se extinguirá y dejará de surtir efecto una vez sea devuelto el presente documento original a Deutsche Bank, Sociedad Anónima Española Unipersonal. La mera tenencia del documento original facultará a éste último a proceder a su completa cancelación."* que deberá por: *"El presente aval estará en vigor hasta que CONCELLO DE VIGO o quien en su nombre esté habilitado legalmente para ello autorice su cancelación o devolución de acuerdo con lo establecido en la Ley de Contratos del Sector Público y legislación complementaria."*

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a formación para bomberos, conductores-bomberos, cabos e sarxentos (6810-213)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data do 7 de xullo de 2023 notificouse ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A., a resolución de clasificación xunto co requirimento de documentación. Dentro do prazo concedido, o 18 de xullo de 2023, o licitador presentou a documentación. Logo da súa revisión, a Mesa acorda, por unanimidade conceder un prazo de tres días a SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA S.A. para que poida emendar a seguinte documentación:

- Documentos acreditativos da personalidade xurídica: segundo a cláusula 8.8.1º do PCAP *"o licitador situado no primeiro lugar na proposta de clasificación en orde descendente que formule a Mesa de Contratación deberá acreditar o cumprimento dos anteriores requisitos no prazo de dez días hábiles, de conformidade co que dispón o artigo 140 da LCSP, mediante a presentación da seguinte documentación:*

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica (...)

- Os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos nos que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.

(...)

2º) Documentos acreditativos da representación



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 08:55 | Páxina 3 de 7 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A3A947-CBD33F-D93228-QEPJGF-RAT3HZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen subscriba/n a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do/s apoderado/s."

c) Procedemento aberto para a contratación dun servizo para a xeración e incorporación de novos contidos interactivos de difusión turística e patrimonial da cidade na app móbil Vigo (10084-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dun servizo para a xeración e incorporación de novos contidos interactivos de difusión turística e patrimonial da cidade na app móbil Vigo (10084-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto de servizos e tramitación ordinaria coa finalidade de realizar a contratación dun servizo de xeración e incorporación de novos contidos interactivos de difusión turística e patrimonial da cidade na app móbil Vigo.

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 06/03/2023 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 06/03/2023 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 21/03/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaría

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 28/04/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 08:55 | Páxina 4 de 7 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A3A947-CBD33F-D93228-QEPJGF-RAT3HZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- Memoria xustificativa do contrato de data 23/05/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal

- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 24/05/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 24/05/2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **69.997,77 €**, que inclúe un IVE de 12.148,37 €, dende o 1 de xuño de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

| Partida | Exercicio | IVA | Base | Importe total |
|--------------|-----------|-------------|-------------|--------------------|
| 9207.6400006 | 2023 | 12.148,37 € | 57.849,40 € | 69.997,77 € |

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de xullo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 13 de xullo de 2023, de VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. polo motivo previsto na cláusula 14.2.B do PCAP ("A incorporación a este sobre B) dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC").

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dun servizo para a xeración e incorporación de novos contidos interactivos de difusión turística e patrimonial da cidade na app móbil Vigo (10084-113) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|------------------------|------------------|
| 1 | NOSO PLANS E PROXECTOS | 98,00 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NOSO PLANS E PROXECTOS, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 08:55 | Páxina 5 de 7 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A3A947-CBD33F-D93228-QEPJGF-RAT3HZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NOSO PLANS E PROXECTOS, o día 20 de xullo de 2023, que presenta a documentación requirida o 21 de xullo de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de xullo de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NOSO PLANS E PROXECTOS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NOSO PLANS E PROXECTOS, de acordo cos informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor, de data 10 de xullo de 2023 e do acordo da Mesa de Contratación do 13 de xullo de 2023 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP..

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 08:55 | Páxina 6 de 7 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A3A947-CBD33F-D93228-QEPJGF-RAT3HZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 13 de xullo de 2023, de Van Divulgación Cultural, S.L. polo motivo previsto na cláusula 14.2.B do PCAP ("A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC").*
2. *Adxudicar a NOSO PLANS E PROXECTOS o procedemento aberto para a contratación dun servizo para a xeración e incorporación de novos contidos interactivos de difusión turística e patrimonial da cidade na app móbil Vigo (10084-113) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 62.855,87 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.908,87 euros.*
 - b) *Incorpora as seguintes funcionalidades:*
 - *Visor web navegable de imaxes 360º con puntos de interacción para navegar entre elas.*
 - *Creación dun portal web de consulta e procura das postais históricas dixitalizadas no proxecto.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/05/2024 08:55 | Páxina 7 de 7 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A3A947-CBD33F-D93228-QEPJGF-RAT3HZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |